



A FÁBULA: A RAPOSA E AS UVAS

Había unha vez unha raposa que estaba morta de fame. Levaba tempo de arriba para abaxo buscando algunha cousa para matar o bicho cando foi parar a unha viña espléndida. As vides estaban emparradas e un acio colgaba, maduro e tentador, por enriba da súa cabeza.

- ¡Agora si que sacarei barriga de mal ano! - Exclamou a raposa, contentísima.

Estirou o fuciño aguzado e probou de chegar a uns cantos bagos de acio. Pero estaban demasiado altos e non os puido tocar.

Despois foise cara atrás para coller impulso e dar un gran salto.


E deuno, e saltou..., pero non lle foi abondo: a uva nin sequera lle rozou os dentes.

¡Pobre raposa, deu saltos e saltos e saltos!

Pasado un bo tempo, a raposa resopraba; estaba rebentada e seguía tendo fame.

Ergueu a cabeza, mirou para as uvas cun chisco de rancor e, finalmente, levantando o morro, virou o rabo con moita dignidade e dixo:

- ¡Abofé que podería fartarme se quixese, pero, agora que me fixei ben, este acio aínda está ben verde e non vale nada!



ESOPO

A fábula é unha narración, xeralmente protagonizada por animais, que transmite unha ensinanza moral. Os animais que protagonizan as fábulas compórtanse coma seres humanos, é dicir, o autor personificounos. Isto serve para que as persoas se vexan representadas neles e aprendan algunha cousa da historia que protagonizan.

1. Lee a fábula e responde estas preguntas.

■ ¿Que calidades humanas che parece que ten a raposa?

■ ¿Por que?

■ ¿Cales destas calidades crees que son defectos?

■ ¿Cales son virtudes?

 ¿Que ensinanza nos fala esta fábula?

 Que quere dicir con esta expresión

" Podía fartarme se quixese pero están ben verdes e non valen nada"
